

Acta da Comisión Permanente do día 14 de xullo de 2009

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 14/07/2009.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 14/07/2009.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita validación por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión o 14 de xullo de 2009 ás 13 horas e 10 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 18 de xuño de 2009.

A Comisión aproba por asentimento a acta da sesión celebrada o día 18 de xuño de 2009.

2. Aprobación, se procede, de validación/adaptación de materias.

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aproba-los títulos e tribunais de proxectos fin de carreira que se relacionan no anexo III desta acta.

4. Concesión se procede de 7ª convocatoria aos alumnos que a solicitaron.

Ao non terse presentado ningunha solicitude, pásase ao seguinte punto da orde do día.

5. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

En relación ao escrito presentado pola alumna Dona _____, segundo a que solicita o recoñecemento de créditos de libre elección por ser deportista de alto nivel, a Comisión acorda, á vista do tratamento que se lle da noutras universidades e á vista da nova normativa sobre recoñecemento de créditos de libre elección, conceder o recoñecemento de 6 créditos de libre elección en cada curso académico no que o alumno/a estea recoñecido como deportista de alto nivel e publicado no BOE do curso correspondente.

En relación á solicitude presentada por Don _____ de validación da Bolsa de Formación Complementaria do Plan de Sostibilidade e Medio Ambiente da Universidade de Vigo, a Comisión acorda conceder un recoñecemento de 6 créditos de libre elección, equiparando esta validación a das bolsas de aula informática, etc... e tendo en conta que este recoñecemento de 6 créditos é o máximo para toda a carreira por este tipo de bolsas.

En relación á solicitude presentada por Don _____ de validación dun curso de Informática nivel I realizado no Centro de Formación Investigación e Tencoloxía Agraria de Galicia, cunha duración de 30 horas, a Comisión acorda concederlle o recoñecemento de 1 crédito de libre elección.

En relación á solicitude presentada por Don _____ de validación dun curso práctico: Modelización numérica de excavacións subterráneas, organizado polo Departamento de IRNMA, considerando que a duración foi de 12 horas, e polo tanto non acadou o mínimo de horas esixido para a súa validación a Comisión acorda que presente esta solicitude xunto con outro curso de curta duración e así solicitar a acumulación das horas para o recoñecemento de créditos de libre elección.

6. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión acorda aprazar á sesión de setembro a toma de decisión sobre a admisión a trámite das solicitudes presentadas ata o de agora, tendo en conta que en Secretaría de Alumnos aínda non tiveron tempo material de comprobar o cumprimento ou non dos requisitos por parte dos alumnos e que o prazo de solicitude aínda non rematou, polo que pode que se presente algunha solicitude máis.

7. Rolda aberta de intervencións.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 23 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, catorce de xullo de dous mil nove.

Vº e prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

José Benito Vázquez Dorrió



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 14/07/2009



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 14/07/2009



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



Asistentes á Comisión Permanente do 14 de xullo de 2009
Presidente da Comisión
Pedro Arias Sánchez
Secretario
José Benito Vázquez Dorrió
Profesorado
Celestino Ordóñez Galán
Fernando Cerdeira Pérez
Enrique Porto Arceo
Alumnos
Javier Silveira Loureiro
Javier Puga Alonso
Manuel Alejandro González Fernández
Iván Veleiro Pinal
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO III

**Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta
Comisión Permanente**



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO IV

**Documentación dos cursos/actividades dos que se solicita
validación por créditos de libre elección**